

**Cando é?**

Todos os días da semana, de luns a venres, do 2 de xullo ao 14 de agosto.

Cales son os horarios? E se chego tarde?

De 10:30 h. a 13:30 h. Recoméndase puntualidade, se ben, se poderán incorporar en calquera momento.

Onde se deixan e recollen os nenos/as?

No Colexio Castelao, pola porta que dá á rúa Arcos Moldes. Nós ocuparémonos dos traslados ao pavillón.

Podo mandar a dous/dúas irmáns de distintas idades xuntos?

Si, terán o mesmo horario de entrada e saída do Campamento. Unha vez dentro, organizaranse en grupos de idade para as distintas actividades.

Que teñen que traer?

Merenda e auga. Pregamos que as augas, *tuppers*, mochilas,... veñan co nome de cada neno/a para que non se mesturen coas dos outros compañeiros.

Todo o material que se necesite pedirase a través de notas entregadas aos nenos/as.

Os tenis para o pavillón é obrigatorio levalos os días que teñan actividade deportiva.

Os venres, que realizaremos saídas polo pobo, pregamos que traian viseira e crema protectora.

O Campamento Urbano inclúe actividades deportivas?

Coma todos os anos, inclúe actividades deportivas multideportivas adaptadas á idade dos participantes.

Podo apuntalo/a a outras actividades deportivas organizadas polo Servizo de Deportes?

Si, e encargarámonos de levalos e traelos para que poidan participar nesas actividades.

Sigue o día a día do Campamento en www.rianxo.com/crearte2014